

Como desfacer as cousas coas palabras: alianzas entre a poesía e o manifesto no campo cultural galego actual

Iria Sobrino Freire

[Recibido, xaneiro 2011; aceptado, marzo 2011]

RESUMO O artigo explora algúns dos modos de intervención no campo cultural galego contemporáneo, afondando en particular nas relacións estabelecidas entre poesía e manifesto. Estas relacións materialízanse en fenómenos de imbricación e fenómenos de contigüidade. De entre toda a casuística exposta, aténdese especialmente aos casos nos que a función manifesto comparece no poema, en obras de autores como Chus Pato, Alberto Lema ou Daniel Salgado, e nas alianzas entre manifestos e poesía que vén potenciando a actividade de diversos movementos cívicos nos últimos anos.

PALABRAS CHAVE: campo cultural, intervención, manifesto, poesía.

ABSTRACT This paper explores some of the modes of intervention within the contemporary Galician cultural field by studying in depth the established relations between poetry and the manifesto. This relations are materialised in interweaving phenomena and closeness phenomena. From amongst all the displayed casuistry, special attention will be paid to those cases wherein the function of manifesto appears in the poem, in works by Chus Pato, Alberto Lema or Daniel Salgado and in the alliances between poetry and manifestos which have fostered the activity of diverse civic movements in the last years.

KEYWORDS: cultural field, intervention, manifesto, poetry.

79

O manifesto e a poesía son vellos aliados. Dende que a modernidade virou o manifesto en contestación, a palabra poética é compañeira habitual de viaxe. A metáfora do espectro percorreu non só Europa, senón o planeta todo, co *Manifesto comunista*. O carácter arquetípico deste texto determinou, daquela, que outros manifestos se servisen tamén da linguaxe poética na súa tarefa de transformar o mundo. Do mesmo xeito, a poesía –e, en xeral, a arte– véñse apoiando dende o simbolismo no berro manifestario para defender o seu programa.

Nos últimos tempos, estas alianzas non só se consolidaron, senón que apareceron novos fenómenos nos que se verifica a cooperación dos dous xéneros,

xa sexa por imbricación ou por contigüidade. Neste artigo exploraranse algúns destes fenómenos no campo cultural galego actual, en especial aqueles que se consideran característicos do momento poético-político que estamos vivindo. Antes de entrar a analizar estes aspectos, faremos unha breve introdución ao manifesto como xénero e estabeceremos unha tipoloxía de manifestos en Galiza a partir de 1975.

O manifesto, un xénero de intervención

Tal e como definimos noutros traballos (Sobriño Freire, 2001), entendemos por *manifesto* a “acción comunicativa en virtude da cal se realiza unha declaración explícita de principios co obxectivo de intervir no repertorio vivente”. Co eido político ou o cultural como ámbitos de actuación, o manifesto posúe os seguintes trazos distintivos:

- Trátase dunha declaración de novos principios e estratexias, un programa de acción para o futuro.
- Procura o poder dende unha posición enunciativa de falta de poder (cfr. Puchner, 2006: 24-26).
- Constitúe un desafío á autoridade.
- Tén como efecto perlocucionario a creación dunha identidade colectiva (cfr. Lyon, 1999: 24).

Tipoloxía do manifesto galego a partir de 1975

Dende unha perspectiva semiótico-sistémica, unha posíbel vara de medir do estado do campo cultural é a maior ou menor presenza de manifestos. Mesmo na ausencia dun campo cultural autónomo, a circulación de manifestos constitúe un *efecto de campo*, en termos de Figueroa (2001: 127). No caso galego, despois dos primeiros textos publicados no Rexurdimento, rexístrase unha gran produción no período que abrangue dende a creación das Irmandades da Fala até o comezo da Guerra Civil, difundida tanto a través da prensa xeralista como das novas revistas literarias. Despois sucédense longos anos de silencio e, a medida que se vai producindo a recuperación cultural, aparecen algúns documentos que se poden interpretar a esta luz, como presentacións de editoriais e de revistas –textos que Xoán González-Millán

alcumara acertadamente *manifestos editoriais*¹. Ademais, o que se publica nestes anos é o que Alonso Montero (1993) deu en denominar *manifestos en verso*, poemas que defenden o cultivo da poesía civil tanto entre os poetas que quedaron en Galiza como entre os que están no exilio e na emigración.

A partir de 1975 e até hoxe, coa expansión do campo cultural, os manifestos non só aumentaron en número, senón que tamén se diversificaron dende o punto de vista funcional. A seguir propónse unha posíbel tipoloxía a partir dos dous grandes bloques, os manifestos artístico-culturais e os manifestos políticos. Esta primeira división debe ser entendida como unha indicación de tendencias porque, evidentemente, en moitos casos non se pode trazar unha fronteira clara entre o cultural e o político, especialmente nos tipos que bautizamos como *manifestos críticos* e *manifestos cívicos*.

1. *Manifestos artístico-culturais:*

—*Manifestos poetolóxicos*². Textos programáticos de colectivos poéticos, nos que se definen os trazos distintivos da súa identidade grupal. Son manifestos poetolóxicos os de Cravo Fondo, Ronseltz ou o Batallón Literario da Costa da Morte.

—*Manifestos editoriais*. Textos que serven para presentar ao público un proxecto de difusión cultural (editorial, revista, páxina web) e que anuncian unha axenda de actuación a medio ou longo prazo. Por exemplo, a introdución ao número 1 da revista *Festa da palabra silenciada*, asinada por M^a Xosé Queizán, ou o apartado “Sobre Urco Editora” na páxina web de Urco.

—*Manifestos críticos*. Textos nos que se combate o repertorio cultural hexemónico e/ou as políticas culturais da Galiza autonómica, como en *Fóra as vosas sucias mans de Manoel-Antonio*, do colectivo Rompente, ou n’*Un disparo contra*

¹ O termo *manifesto editorial* débese a González-Millán (1996: 37-38), que o emprega para se referir aos textos cos que as editoriais galegas presentan novas coleccións de narrativa: “Os primeiros números destas coleccións [“Ulises” de Edicións do Ruedo, “Medusa” de Sotelo Blanco, e as coleccións de narrativa de Edicións do Castro, Galaxia e Xerais] inclúen manifestos editoriais interesantes e útiles para entender algúns aspectos centrais da dinámica do xénero narrativo, e para documentar algúns dos indicios xa sinalados dunha nova concepción do discurso literario”.

² Jarillot Rodal (2000) denomina manifesto poetolóxico aquel “a través del cual un movimiento, en nuestro caso literario, se presenta a sí mismo y hace público su programa”.

a indecência, de Júlio Béjar, Rivadulha “Corcom” e Henrique M. Rabunhal Corgo.

2. *Manifestos políticos:*

—*Manifestos cívicos.* Textos cos que determinadas asociacións ou grupos cidadáns expresan o seu desacordo con respecto a unha decisión política. Manifestos como os de Nunca Máis, Galiza non se vende ou Queremos Galego responden ao modelo “clásico” de manifesto cívico, en tanto que o manifesto de Galicia Bilingüe constituiría un caso de manifesto cívico de signo conservador ou “contrarreformista”.

—*Manifestos institucionais.* Comunicados oficiais de institucións ou partidos políticos con representación parlamentaria. Exemplos deste tipo son o Manifesto da Deputación da Coruña no día 8 de maio ou *Galiza ten dereito*, manifesto promovido polo BNG.

As alianzas entre a poesía e o manifesto no campo cultural galego actual

Como sinalabamos ao comezo, as relacións entre a poesía e o manifesto verifícanse de dous modos diferentes: por imbricación ou hibridación e por contigüidade ou paratextualidade. A continuación analizaremos os tipos e características destes fenómenos, dos que ofrecemos algúns exemplos significativos.

Fenómenos de imbricación ou hibridación

Neste apartado incluímos dúas variantes destes fenómenos, segundo o texto se adscriba xenericamente á clase “manifesto” ou “poesía”. Estenderémonos máis na segunda variante, que consideramos un trazo salientábel da práctica poética na Galiza actual.

—A función poética nos manifestos. Xa mencionamos máis arriba que este fenómeno nace canda o manifesto moderno. A maior ou menor poeticidade dun manifesto depende de factores como o público ao que se dirixe, o asunto que se quere denunciar e a urxencia da denuncia. Non nos deteremos moito

nesta variante, xa que constitúe un dos aspectos máis estudados, en particular no que atinxe aos manifestos das vangardas históricas. Como exemplo do campo cultural galego contemporáneo pódese citar o “Manifesto mohicano” (1996). Se non se titulase “manifesto” e non ocupase o lugar do editorial na revista *Luzes de Galiza* probablemente fose lido como un poema:

A Académia (Real e Gallega) é un esquelete de elefante.
O Consello da Cultura Galega un corno de rinoceronte.
As vacas sagradas fuxiron ao nirvana
Sete veces sete pestes asolagaron Breogánia. Sete veces sete pestes anuncian
que virán.
[...]
Somos profetas do Non porque dicimos Si ao futuro.
Os raios do sol elevan-se na fuga.
Pasan moreas de cavalos polo val.
Alzaremos un canto que non cale xamais.

REXURDIMENTO. REXURDIMENTO. REXURDIMENTO.

—A función manifesto na poesía. Con esta formulación referímonos á dimensión performativa do poema, cando os actos de fala nel contidos están explicitamente dirixidos a intervir sobre o repertorio dominante. No discurso poético galego dos últimos trinta e cinco anos son numerosos os exemplos neste sentido. Escolmamos a continuación algúns deles.

83

Na poesía de Xosé Luís Méndez Ferrín a función manifesto emerxe para crear conciencia nacional, lingüística e de clase: denunciando a usura (nun título como *Contra Maquieiro*), esixindo liberdade (“Reclamo a liberdade pró meu pobo”, Méndez Ferrín, 2004: 107-113) ou refundando a lingua como garante desa liberdade nun acto de fala cuns efectos performativos semellantes aos dun ritual de bautismo:

Non esquezas as verbas estirpe
que son morte pró estranxeiro opresor, elas nos lavan.
Sempre dirás: URCES.
Repíte: os carballos.

(Méndez Ferrín, 1994: 147).

En Chus Pato atopamos esta función a miúdo asociada cunhas estruturas gramaticais que recoñecemos como propias do discurso argumentativo, próxi-

mas ao slogan publicitario e á consigna política. A tese é que o modo de produción capitalista constitúe unha ameaza de alienación para a linguaxe, para a liberdade dos falantes, para a comunidade lingüística, por canto a lingua pasa a se converter nun ben de consumo:

PORQUE NON É SÓ O IDIOMA O QUE ESTÁ AMEAZADO
SENÓN A NOSA PROPIA CAPACIDADE LINGÜÍSTICA, sexa cal sexa
o idioma que falemos

[...]

A lingua é PRODUCCIÓN, de aí os intentos do CAPITAL por PRIVATIZAR
a lingua, por deixarnos SEN PALABRAS

[...]

LINGUA-SERVIDUME LINGÜÍSTICA
KAPITAL-KILLER
ASASINA

(Pato, 2000: 25).

84

Noutros lugares a función manifesto xorde ligada a unha dicción aforística, con carácter profético, nun discurso que se presenta como virado cara ao futuro: “O poema é a política futura. / A política futura é o real. / O real son os habitantes do poema. / Os habitantes da Literatura son anónimos, un pobo futuro” (Pato, 2009: 89-90).

No seu particular *Far-West*, Carlos Negro constrúe unha Galiza de película de John Ford para, a través do exotismo, desmontar ironicamente os mitos culturais herdados, en particular o celtismo:

o oeste a fistera *the last frontier*
o territorio colonizado polo mito

terra única
terra nai
terra sagrada

nós tamén disparamos a *liberty valance*
nós tamén preferimos o mito á realidade
(*confín dos verdes castros* etcétera etcétera)

o noso *john wayne* chámase eduardo pondal

o heroe da película
o bardo das idades
o vaqueiro da moto
o cowboy nacionalista

(Negro, 2001: 13).

Na poesía de Daniel Salgado comparecen a miúdo slogans ou fragmentos de discursos políticos (“de pé famélicos da terra”, 2006: 34): a repetición recontextualizada cobra aquí o sentido de reactivación. A función manifesto detéctase tamén nalgúns textos metapoéticos, nos que se constrúe o poema como suxeito, como acontecemento, e se definen as súas funcións: sinalamento, deconstrución do real:

a prol dun poema culpábel: que interroga a cidade, que proceda, que se responsabilice: sen adestrar: un poema ao ataque para se interpor entre urbanismo e exclusión: un poema coma que o pode todo: un poema periférico, isto é: onde haxa ferruxe, canellas, fábrica, camións estomballados, gatos, tapadeiras, ofensa, ignición: poema condenado a non usar cadeira: (“Ofensiva”)

85

En autores como Antón Dobao ou Alberto Lema asistimos á construción dun nós revolucionario, responsábel da futura caída do capitalismo. O ton é tamén profético:

Non volveremos pasar medo.
Así teñamos que nos desfacer dos coches, das casas
e dos televisores, borralo todo.
Cada posesión será fundida, a masa
nutricia esculpirá figuras fundacionais
do noso pensamento activo
reapropiado.
Non volveremos pasar fame.

(Antón Dobao, en VV. AA., 2003: 133).

Nós, os últimos herdeiros dos últimos vencidos,
[...] veremos caer os muros de McDonald's,

compañeiros, veremos un fungo devorar
o seu chaleco antibalas, e a lenta ferruxe
chantar os dentes no corazón de ferro de occidente
[...] E esta vez non podemos perder:
seremos o cancro na pel do cancro.

(Lema, 2007: 60).

Por último, no caso de Raida Rodríguez Mosquera emprégase explicitamente a palabra “manifesto”, nas últimas liñas do seu libro *Máquina de guerra*. O nós que aquí aparece declárase en contra do esencialismo, a favor dunha escrita descentrada, dun poema-artefacto.

contra a escrita, contra as ansias de comunicar, de ocupar efectivamente un
hábitat
(léase nación, lingua, territorio)

MANIFESTO: o noso será un tempomáquina
ou non será,
un presente erguido contra o horizonte, un idioma mutante,
un poema exento de raíces

(Rodríguez Mosquera, 2009: 81).

Fenómenos de contigüidade ou paratextualidade

Cando a relación entre poesía e manifesto é de contigüidade ou paratextualidade, materialízase fundamentalmente de tres maneiras:

—Manifestos poetolóxicos acompañados dunha escolma de poemas do grupo. Constitúe unha alianza bastante común, que atopamos entre nós, por exemplo, nos fanzines de Rompente.

—Eventos poéticos nos que se dá lectura a un manifesto. Pódese tratar de manifestos que explican os obxectivos e a filosofía do evento, a modo de manifestos editoriais, como o que se leu na II Semana da Poesía Salvaxe de Ferrol (2009). Un caso diferente é o do Festival da Poesía no Condado, no que se cede un espazo a diversos movementos sociais para que fagan públicos os seus manifestos.

—Actos cívicos nos que se alían manifesto e poesía e, eventualmente, tamén manifestación. Referímonos concretamente a actos reivindicativos que contan cun recital poético entre as súas actividades: mobilizacións polos dereitos das mulleres e contra a violencia de xénero, xornadas de reivindicación política e visibilización dos colectivos LGBT, manifestacións polos dereitos civís, movementos pola defensa da lingua, protestas en contra da guerra, actos contra a destrución do territorio... Os movementos que xurdiron a raíz do afundimento do *Prestige* (Nunca Máis, Plataforma contra a Burla Negra) marcaron un punto de inflexión na participación dos e das poetas nos actos de protesta, pola súa adhesión masiva e o seu consecuente protagonismo social.

Á luz destes fenómenos, todo parece indicar que existe unha demanda de participación do poeta e da poesía no espazo público. A explicación desta demanda témola que procurar en aspectos non estritamente racionais dos movementos sociais. No seu estudo sobre a *protesta moral*, Jasper (1997) analizou amplamente o papel das emocións na práctica do activismo. Dende a súa perspectiva, o compoñente emocional, entendido como un construto social, está na cerna das mobilizacións e inflúe considerabelmente no seu desenvolvemento. Factores como o *ethos* dos protagonistas do movemento, a retórica escollida para construír os discursos e os rituais colectivos que acompañan a protesta serían, daquela, elementos indispensábeis para comprender o funcionamento, o éxito ou fracaso dun movemento.

No caso que nos ocupa estes factores semellan totalmente pertinentes. En relación co *ethos* dos actores, é certo que o feito de que Manuel Rivas, Méndez Ferrín ou Chus Pato apoien un movemento serve para lexitimar as súas reivindicacións perante un certo número de persoas, mesmo, en ocasións, perante quen está en contra dos movementos. Por outra banda, o poder da linguaxe poética como condensadora de símbolos e creadora de *pathos* faina especialmente atractiva para complementar retoricamente os outros discursos de protesta. E, finalmente, a dimensión comunal do recitado poético contribúe a crear un sentimento de solidariedade e de identidade cultural no grupo.

Conclusión

A cantidade e diversidade tipolóxica de manifestos que circulan na Galiza actual pódese interpretar como síntoma de consolidación do campo cultural

contemporáneo. As relacións entre o manifesto e a poesía non son exclusivas deste momento histórico e esta cultura, pero a súa análise contribúe a iluminar as sinerxias que se crean entre os eido político e poético en cada caso.

Diversos son os modos nos que se establecen estas relacións, pero de entre eles só dous se poden considerar sintomáticos dun estado de cousas no campo cultural galego contemporáneo: a presenza da función manifesto na poesía e as alianzas entre manifesto e poesía arredor de determinados movementos cívicos. Estes fenómenos fannos pensar nunha tendencia á reactivación do discurso manifestario como modo de intervención no real e, ao tempo, nun novo xiro político da poesía dos últimos anos.

Iria Sobrino Freire
Universidade da Coruña

Bibliografía

88

Alonso Montero, Xesús. 1993. *“Manifestos” en verso en favor da poesía civil nos primeiros tempos da posguerra na Galicia da terra e na Galicia emigrante (1939-1962)*. A Coruña: Real Academia Galega e Deputación Provincial de Ourense.

Figueroa, Antón. 2001. *Nación, literatura, identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

González-Millán, Xoán. 1996. *A narrativa galega actual (1975-1984). Unha historia social*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Jarillot Rodal, Cristina. 2000. *Manifesto y vanguardia: los manifiestos del futurismo italiano, Dada y el surrealismo*. Tese de doutoramento defendida o 8 de novembro de 2000 na Universidade de Salamanca.

Jasper, James M. 1997. *The Art of Moral Protest. Culture, Biography, and Creativity in Social Movements*. Chicago e Londres: The University of Chicago Press.

Lema, Alberto. 2007. *Plan de fuga*. [s. l.]: Estaleiro Editora.

Lyon, Janet. 1999. *Manifestoes. Provocations of the Modern*. Ithaca e Londres: Cornell University Press.

“Manifesto mohicano”. 1996, en *Luzes de Galiza*, nº 4, outono, p. 2.

Méndez Ferrín, Xosé Luís. [1976] 2004. *Con pólvora e magnolias*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

— 1994. *Estirpe*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Negro, Carlos. 2001. *Far-west*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Pato, Chus. 2000. *m-Talá*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

— 2009. *Secesión*. Vigo: Editorial Galaxia.

Puchner, Martin. 2006. *Poetry of the Revolution. Marx, Manifestos, and the Avant-Gardes*. Princeton e Oxford: Princeton University Press.

Rodríguez Mosquera, Raida. 2009. *Máquina de guerra*. [s. l.]: Estaleiro Editora.

Salgado, Daniel. 2006. *Éxodo*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

— 2007. “Ofensiva”, en *Revista das Letras*, nº 679.

Sobрино Freire, Iria. 2001. “El manifiesto artístico: una aproximación al estudio de su funcionamiento en el campo de producción cultural”, en *Proyecto Ensayo Hispánico* (coord. José Luis Gómez Martínez) [En liña]. <http://ensayo.rom.uga.edu/critica/manifiestos/iria.htm>

VV. AA. 2003. *Xuro que nunca volverei pasar fame: poesía escarlata*. Ourense: Difusora de Letras, Artes e Ideas.